

UN NOVO ESTATUTO PARA GALIZA



Acto en Sanxenxo o día 30 de marzo, coa presenza de o Senador do BNG Francisco Jorquera.

Xa non hai nengunha forza política que non considere o Novo Estatuto unha prioridade nacional. Xa non hai nengunha forza política que non defenda que Galiza debe manter o seu rango institucional de plena igualdade con Catalunya e Euskadi.

Xa non hai nengunha forza política que non admita que o actual sistema de financiamento autonómico -fixado en 2001 polo goberno de Aznar- nen é xusto nen é solidario con Galiza e que, consecuentemente, debe ser modificado.

O consenso cando menos formal sobre estas cuestións é unha conquista evidente do nacionalismo galego. O BNG non só é o motor do proceso cara maiores cotas de autogoberno nacional, senón que mesmo está a conseguir marcar a axenda política que nos ha levar cara o Novo Estatuto.

Se se fala da necesidade dun novo sistema de financiamento, é grazas ao BNG. Se se fala con naturalidade da existencia dunha débeda histórica do Estado con Galiza, é grazas ao BNG. Se nen sequera a dereita ergue excesivamente a voz contra a condición nacional de Galiza, é tamén grazas ao BNG.

Mais o BNG non se conforma e segue a traballar duramente. A organización programou arredor de 130 actos para o primeiro cuadrimestre de 2006 co propósito de levar o debate á sociedade.

Eis a chave de que este proceso serva non só para **i n c r e m e n t a r** o autogoberno, senón tamén para afortalar a conciencia **n a c i o n a l** da nosa sociedade, para elevar a nosa autoestima como pobo.

130 actos de interactividade, non para que o BNG comunique á sociedade sen máis o que pensa, senón para que haxa unha ósmose fecunda e o BNG saiba tamén que é o que pensa a sociedade galega.

E boa proba de que isto é así é o feito de que, tamén grazas ao BNG, a nova programación da TVG comezase cun debate sobre o Novo Estatuto, un dos compromisos de Anxo Quintana na campaña electoral.

E é que máis nacionalismo significa máis autogoberno e significa tamén máis democracia, máis transparencia e máis vocación de servizo dos meios de titularidade pública á sociedade que os sustenta.



Acto cos comerciantes de Sanxenxo coa asistencia da Delegada Provincial da Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galiza.

CHARLA-COLOQUIO SOBRE O SECTOR COMERCIAL

O día 21 de febreiro o BNG celebrou un acto no hotel Carlos I de Sanxenxo dirixido ao sector do comercio, coa presenza da Delegada Provincial da Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galiza Montserrat Prado Cores e o portavoz do BNG no concello de Sanxenxo Roberto Fernández Lores. Na charla-coloquio, á que asistiron preto de 40 comerciantes, a Delegada informou das liñas que está a seguir a Consellaría de cara a conseguir a dinamización do sector e explicou os puntos máis salientábeis do anteproxecto de Lei de Horarios Comerciais que ten presentada no Parlamento de Galiza.

Ao remate da súa exposición a delegada e o portavoz do BNG en Sanxenxo, deron resposta ás diversas cuestións presentadas polos asistentes, tanto da problemática global do sector como de ámbito local.

X

Obras da nova Casa do Concello

Unha pésima e improvisada decisión do Alcalde, fai que se vaia construír unha nova Casa do Concello que non vai dar saída ás necesidades básicas da nosa Administración local, e que vai ter un custo de máis de un millón de euros.

A decisión foi tomada en base a un inminente vencemento do prazo para a concesión da subvención por parte da Xunta de Galiza, destinada á reforma (non a unha nova construción) da Casa do Concello existente.

Froito destas présas, o goberno municipal tomou a decisión sen previo informe técnico rigoroso. Este feito confírmase xa na fase de excavación, pois están a atoparse unhas dificultades non previstas que obrigan a utilizar explosivos, tampouco previstos no anteproxecto que levou ao Pleno.

Así chegamos ao tema do financiamento, non sabendo aínda cal vai ser o custo real da obra. Sen aínda mover unha pedra, víronse obrigados a incrementar nun 20% o orzamento previsto inicialmente de 741.000,- euros, pasando a 969.000.

Conscientes dos problemas que están nacente desta obra, o Grupo de Goberno intentou gardarse as costas implicando no proceso de contratación do novo edificio aos grupos da oposición, nomeadamente BNG e PSOE.

O Grupo Municipal do BNG desvincúlase da mesa de contratación, xa que non se buscou o acordo co noso grupo á hora de decidir qué facer co edificio antigo nin tampouco á hora de redactar o prego de condicións para adxudicación da nova obra.

O Grupo de Goberno do PP carece da lexitimidade necesaria para tomar unha decisión desta importancia xa que estamos a falar dun asunto merecedor dun consenso que non se buscou e obedecendo máis á ostentación propia da mentalidade dos “novos ricos” (de trocar o vello polo novo, de facer un día e desfacer ao día seguinte...) que de quen ten a responsabilidade de gobernar.



O BNG INFORMA

O URBANISMO EN SANXENXO

Cando o 27 de Febreiro do ano 2003 o PP aprobou en solitario o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Sanxenxo, quedou claro cal era o tipo de urbanismo que este partido quería para o noso Concello: **Desfeita ecolóxica e mediambiental, Especulación desmesurada e brutal, Discriminación entre parroquias e Esquecemento de vivendas sociais.**

DESFEITA ECOLÓXICA E MEDIAMBIENTAL

Si analizamos polo miúdo o PXOM podemos comprobar que están contemplados 30 Solos Urbanizábeis (S.U.) que abranguen un total de 4.837.506 m², o que representa o 11 % da extensión total do concello. Da totalidade da superficie de eses solos, 3.150.000 m² eran zonas forestais, no momento de ser declarados como tales (Monte Faro, Miraflores, Bordóns, Altamira, Montalvo, etc.). Tamén se detecta, e así está reflectido no documento, que 11 solos están dentro da zona de influencia de costas: 2 na Granxa e Punta Festiñanzo en Dorrón; Montalvo, Cabicastro e Canelas en Portonovo; 2 en Foxos-Lanzada, Soutullo, Major e Pociñas en Noalla.

Os Polígonos de Execución Integral (PEI) núm. 7 e 8 están no cauce do río Fabaíños, o núm. 10 está enriba do río Baltar, o núm. 19 ten unha construción que tapa en parte o regato de Miraflores.

ESPECULACIÓN

Cando noutros concellos leva 4, 5 e nalgúns casos 10 anos a elaboración do PXOM, despois de consultas cos veciños, exposicións públicas e resolución de alegacións, no concello de Sanxenxo levouse a cabo nun tempo récord. Como consecuencia desa rapidez, a meirande parte dos veciños e veciñas descoñecían en que situación quedaron as súas propiedades. Un claro exemplo diste descoñecemento tivo lugar co desenvolvemento do SU núm. 13 de Monte Faro. Esta situación provocou que a primeiros do ano 2004 compradores particulares, entre os que se atopaban 2 concelleiros do PP no goberno do Concello, mercaran propiedades en Monte Faro mediante enganos (chegaron a dicir que eran para unha plantación de albariño) e ameazas de expropiación, ofertando ata 6 euros por metro cadrado de terreo cando os últimos foron pagados ata 30 euros m². Tivo que ser o BNG quen informara, en xullo do 2004, aos propietarios, cousa que o grupo de goberno non fixo ata setembro do 2005.

DISCRIMINACIÓN

Tendo en conta os núcleos de poboación máis importantes do concello, a discriminación que sofren entre eles é brutal. Así podemos constatar que mentras no núcleo urbán de Sanxenxo as alturas permitidas son de B+5, no de Portonovo B+4, na Revolea (Noalla) B+3, no centro urbán de Vilalonga só se permite B+2 coas diferencias que isto implica a hora da repercusión que supón o precio do solo no valor das vivendas. A hora da avaliación medioambiental e paisaxística descoñecemos os criterios que seguiron para manter a conservación dos cauces dos ríos e regatos. Así podemos comprobar que mentras os regatos que atravesan Vilalonga dende a Touticeira ata Rouxique e dende Revel ata a Salgueira están afectados, nunha ampla zona as dúas beiras, con protección paisaxística, os ríos Baltar, Fabaiños e Valiejos en Portonovo ou os regatos de Navalón e Miraflores en Sanxenxo quedan tapados en boa parte por urbanizacións.

ESQUECEMENTO DE VIVENDAS SOCIAIS

En todo o concello só está contemplado no PXOM un terreo de 3.000 m² para vivendas sociais. Na actualidade o grupo de goberno ten prometido a construción de 60 vivendas para xóvenes. Índa que fose verdade, que a curto prazo dubidámolo, lembramos que para acceder a esas vivendas creouse un rexistro de demandantes que a día de hoxe ten apuntados máis de 600 solicitantes o que supón que as 60 vivendas non cubriría nin o 10%, tendo que, como sucede actualmente, as mozas e mozos de Sanxenxo teñen que mercar a súa primeira vivenda nos concellos do arredor.

Pois ben, por se fora pouco a desfeita que supuxo para Sanxenxo a aprobación dun PXOM das características salientadas, o noso alcalde quere acabar de arruinar o concello.

Primeiro intenta levar a cabo a construción dunha “ronda” que, baixo a desculpa de aliviar os problemas de tráfico da vila de Sanxenxo, encubre unha operación de especulación urbanística sen precedentes, tratando de beneficiar aos promotores que xa tiñan intereses na zona e aos novos que desenvolverían o proxecto, a costa dos veciños e veciñas que nalgún caso vería como era arrasada a súa vivenda.

No seu afan recaudador, non dubida en asinar convenios urbanísticos cos promotores cedendo o aproveitamento que lle corresponde ao Concello nas urbanizacións a cambio de cuantías económicas que, na meirande parte dos casos, están calculadas a baixa coa conseguinte perda económica para o Concello. Así podemos asegurar que no convenio asinado polo aproveitamento do solo urbanizábel dos Altos de Miraflores deixou de percibir 4 millóns de euros.

ACONDICIONAMENTO DUNHA ESTRADA EN DORRÓN



Sobre medio centenar de veciños asistiron á reunión.

O día 11 de febreiro, os concelleiros/a do Grupo Municipal do BNG de Sanxenxo reuníronse na casa de cultura de Dorrón cun grupo duns 50 veciños/as da parroquia. O obxectivo era informalos/as sobre o proxecto de acondicionamento da vía que leva desde Os Cotos até o cemiterio parroquial.

O BNG viuse na obriga de informar os veciños/as de Dorrón ante a falta de explicacións (e de diálogo) por parte da Administración da que depende a obra (Deputación Provincial) así como do propio Concello. O Alcalde debiera preocuparse por informar aos veciños/as directamente dunha obra de tanta magnitude e afección como é esta.

Segundo se soubo, o proxecto foi aprobado ás presas (o día 29 de novembro de 2005) por rematar o prazo para a subvención da UE (o 1 de decembro de 2005) que xa levaba máis dun ano concedida. Sempre tarde, mal e a rastro!.

Desde o BNG concordamos na necesidade da mellora da vía en cuestión, pero os métodos trapalleiros e ás présas, pouco dialogantes e escurantistas aos que nos teñen acostumados os gobernantes do PP (Deputación e Concello) non deben seguir utilizándose.

Os concelleiros/a do BNG de Sanxenxo comprometéronse cos veciños/as de Dorrón, a instar ao Concello a que fixera as xestións pertinentes para que foran técnicos (a estas alturas sería o mellor) os que fosen a Dorrón a explicarlles aos veciños/as cómo lles vai afectar a obra e todo o que ela implica. E así o fixeron por medio dun escrito ao Alcalde rexistrado nas oficinas do Concello con data do 2 de marzo.

breves

NAUTA SANXENXO

O Grupo Municipal do BNG convocou unha Xunta Xeral extraordinaria da sociedade mercantil NAUTA SANXENXO, S.L., que xestiona o porto, para pedir explicacións sobre as súas débedas, os novos nomeamentos de directivos e os custos que isto implicará.

PUNTO LIMPO

O punto limpo das Cereixeiros leva inactivo preto dun ano (polo tanto sen ofrecernos os servizos para os que está destinado), mentres o Grupo de Goberno está “reflexionando” sobre a súa modalidade de xestión. Tempo tiveron! Temémosos o peor: privatización á vista!

VERTEDOIRO INCONTROLADO

Grazas ás repetidas demandas do BNG, o Grupo de Goberno do PP viuse obrigado a exercer a súa responsabilidade de solventar a lamentábel situación que se estaba a dar no emblemático contorno da ermida da Lanzada que se convertera nun vertedoiro incontrolado para vergoña da imaxe turística do noso concello.

SEGURIDADE VIARIA

O Grupo Municipal do BNG presentou no Pleno ordinario de marzo unha moción para que dende o Concello se inste á Consellaría de Ordenación do Territorio (COTOPT) a que leve a cabo as melloras necesarias en materia de seguridade viaria na estrada antigamente denominada C-550 dentro do termo municipal de Sanxenxo.

ALTOS DE MIRAFLORES

Todo o relacionado co solo dos Altos de Miraflores cheira a favoritismo, desprezo ao medio ambiente, desprezo ao patrimonio, podredume política e especulación pura e dura.

Temos que lembrar que para que ese solo fose contemplado no PXOM como urbanizábel, no ano 2002 o Alcalde asinou un convenio cos propietarios no que estes se comprometían a destinar o 20% da urbanización a vivendas protexidas.

Como en todos os solos urbanizábeis, ao Concello correspóndelle o 10% de aproveitamento da totalidade da edificabilidade permitida.

En decembro do 2004, o Alcalde volve asinar outro convenio no que cede aos promotores o 10% do aproveitamento, que lle corresponde ao Concello, por un importe de 4.981.040 € Esta contía está calculada en base ao módulo de vivendas de VPA, eximindo aos promotores da obriga da construción de vivendas protexidas e permitindo que faga vivendas de réxime libre nese 10%.

O cálculo que fixo o Concello para valorar o 10% é o seguinte:

4.300,67 m2 (1) x 1.052,91 €/m2 (2) =	4.528.218 €
Aproveitamento garaxes e trasteiros	452.822 €
TOTAL CONVENIO	4.981.040 €

(1) Metros cadrados útiles de aproveitamento correspondente ao Concello.

(2) Módulo de vivendas de protección autonómica (VPA) correspondente a Sanxenxo.

Tendo en conta que as vivendas de protección teñen unha superficie aproximada de 90 m2 (72 m2 útiles), nos 4.300 m2 correspondentes ao Concello poderíanse facer 60 vivendas protexidas a un prezo de 83.000 €(aprox. 14 millóns das antigas pesetas).

Pois ben, neses 4.300 m2, que agora os promotores poden destinar a vivenda libre, poden facerse 43 vivendas de 100 m2 útiles que, valoradas á baixa, poden acadar un prezo de 210.000 €cada unha, o que nos dá unha suma de 9 millóns de euros. Con estes sinxelos cálculos podemos dicir, sen medo a erro, que **o Concello deixou de percibir por ese convenio uns 4 millóns de euros.**

X



Os concelleiros do BNG de Sanxenxo informou oas veciños e veciñas sobre o Proxecto do Novo Estatuto de Nación para Galiza.

Visita do Delegado Provincial da Consellaría de Medio Rural

O sábado día 25 de marzo, a petición do Grupo Municipal do BNG, visitou o noso concello o delegado provincial da Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galiza Gonzalo Constenla Bergueiro.

Ao longo da mañá, o Delegado, acompañado do portavoz municipal Roberto Fernández Lores, percorreu as lagoas da Arnosa na parroquia de Vilalonga (espazo situado dentro do Complexo Intermareal Umia O Grove) para coñecer *in situ* a realidade particular do contorno declarado pola Xunta de Galiza como zona de risco fronte a gripe aviaria.

A continuación, mantivo unha charla-colóquio con membros das comunidades de montes de Arra e Noalla aos que lles trasladou as liñas de actuación que ten previstas a Consellaría (responsabilidade do BNG) dirixidas aos devanditos entes comunais.

Finalmente, visitou as obras da nova casa da comunidade de montes de Noalla.

MÁIS INFORMACIÓN DO BNG:

Praza do Pazo s/n • 36960 Sanxenxo

www.bng-galiza.org/osalnes

salnes@bng-galiza.org

